

**Expediente 430/417****PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (A1), QUENDA LIBRE, DERIVADA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO 2021/2022.****Anuncio proposta nomeamento funcionarias de carreira.**

Despois de realizada a proba de informática, de carácter obrigatoria e publicados os resultados sen que se presentara alegación ningunha, o tribunal cualificador propuxo o nomeamento como funcionarias de carreira das persoas que superaron o referido proceso selectivo.

Segundo o establecido nas bases estarán exentos da realización da proba de coñecemento da lingua galega, as persoas aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 4 (equivalente ao antigo certificado de perfeccionamento), segundo o establecido na Disposición adicional 2ª da Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

As dúas persoas candidatas están exentas de realizar a proba de coñecemento do idioma galego por ter acreditado que posúen o título CELGA 4, polo que deberá sumárselle dous puntos á puntuación xa acadada nos exercicios realizados.

En base ao anterior, o resultado final acadado polas aspirantes que superaron o proceso selectivo é:

| APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN FINAL |
|-----------------------|---------------------|-----------|------------------|
| CAMPOS BESTILLEIRO | MARÍA MONTSERRAT | ***3445** | 26,03 puntos |
| UGARTE ALONSO | BEATRIZ | ***3962** | 23,89 puntos |

En consecuencia procede propor para o seu nomeamento como funcionarias de carreira a dona María Monserrat Campos Bestilleiro e a dona Beatriz Ugarte Alonso, para ocupar as prazas de técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

A vista do anterior, as aspirantes propostas achegarán a Oficina de Servizos Centrais, dentro do prazo de 20 días naturais contados dende que se faga público este anuncio, os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 3ª.

O que se publica aos efectos oportunos, establecéndose un prazo de tres días hábiles para a súa impugnación de acordo co establecido na Base XV, a contar dende a publicación do presente anuncio.

Vigo, na data da sinatura electrónica
José María Domínguez Blanco, secretario do órgano de selección

